

dacións de interese galego; así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Clasificar de interese cultural a *Fundación Convento de Herbón*, adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2009.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Corrección de erros.-Orde do 2 de xaneiro de 2009 pola que se convocan axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixidas ao alumnado de centros sostidos con fondos públicos para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2009.*

Advertido un erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 5, do 8 de xaneiro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina nº 355, artigo 10º, onde di: «O cumprimento das leis do país a que viaxan», debe dicir: «O incumprimento das leis do país a que viaxan».

**CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS**

*Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca e se establece a súa convocatoria para o ano 2009.*

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP), que substitúe o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro.

Este fondo comunitario establece, entre outras, unha serie de medidas socioeconómicas de acompa-

ñamento á reestruturación das frotas pesqueiras comunitarias. Estas medidas teñen como obxectivo garantir que os traballadores poidan dispor de ferramentas axeitadas para adaptarse aos cambios sociais que se están a producir no ámbito pesqueiro, así como dispor de mecanismos que permitan paliar os problemas que implican a perda do posto de traballo polos axustes da frota pesqueira e a necesidade de atopar alternativas fóra do sector.

Posteriormente, este ámbito de actuación foi obxecto dunha nova regulamentación en virtude do Regulamento (CE) nº 744/2008 do Consello, do 24 de xullo, polo que establece unha acción específica e temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Unión Europea afectadas pola crise económica.

A disposición transitoria terceira da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, remite á Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma; neste senso, a Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, no seu artigo 48.1º, baixo o título «Obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas e subvencións» contempla a excepción ao establecer: «Un.-Quedan exentos/as de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma ou ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro os/as beneficiarios/as das subvencións seguintes:... ñ) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio». O contido desta excepción ponse en relación co citado Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP), que no seu artigo 27 recolle, literalmente -dentro do eixo prioritario 1, que regula as medidas de adaptación da frota pesqueira comunitaria- a medida de compensación socioeconómica para a xestión da frota pesqueira comunitaria.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, á vista do novo marco normativo e tamén tendo en conta a aplicación práctica das anteriores bases reguladoras destas axudas, considera necesaria a súa modificación, polo que, por medio desta orde, se establecen novas bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico, encadradas no eixo 1 do Fondo Europeo da Pesca, actualmente previstas na Orde do 2 de xuño de 2008.

En prol dunha mellor comprensión, e para facilitar a consulta e manexo por parte dos interesados, publícase íntegro o contido das bases reguladoras, que substitúen as aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 2 de xuño de 2008.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º.-Obxecto.**

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras de concesión de axudas de carácter socioeconómico aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 2 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 20 de xuño), e proceder á súa convocatoria.

**Artigo 2º.-Finalidade das axudas.**

A finalidade das axudas reguladas nesta orde é a de establecer medidas de acompañamento para os traballadores afectados polos axustes da frota pesqueira, que axuden a paliar os efectos da dita reestruturación e apoiem a reconversión destes traballadores.

**Artigo 3º.-Marco normativo.**

Para a concesión e execución destas axudas, observarase o disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde, así como nas normas seguintes:

a) Regulamento 1198/2006 do Consello, de 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca, e resto de disposicións comunitarias aplicables.

b) Principios básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

c) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña á devandita Lei de subvencións de Galicia.

e) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

f) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

g) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001).

h) A normativa básica do Estado.

**Artigo 4º.-Crédito orzamentario.**

1. As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada uno dos anos de vixencia do programa operativo FEP 2007-2013 sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En cada anualidade sucesiva ata o ano 2013 fixarase o crédito anual existente, por unha orde complementaria.

3. Os importes fixados en cada convocatoria, así como as aplicacións a que se imputen, poderanse ampliar con fondos incorporados e remanentes adicionais, así como procedentes de modificacións orzamentarias, sen que isto dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

4. As axudas estarán limitadas, en todo caso, ás disponibilidades orzamentarias.

5. Para o ano 2009 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.723A.780.0 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano. O crédito máximo de concesión destas subvencións neste ano 2009 será de 1.285.383 euros.

**Artigo 5º.-Tipos de axudas.**

**A) Primas por reconversión.**

A.1. Parcial-Diversificación de actividades: esta medida ten como obxecto o apoio ás actividades dos pescadores fóra do sector pesqueiro, permitíndolles que sigan pescando a tempo parcial, sempre que con isto se contribúa a reducir o seu esforzo pesqueiro.

A.2. Total: esta medida ten como obxecto o apoio á reconversión profesional dos pescadores en actividades profesionais a tempo completo nun sector distinto ao da pesca marítima.

**B) Prima pola saída do sector pesqueiro.**

Xubilación anticipada: consiste nunha percepción económica dunha cantidade mensual á cal terá dereito o tripulante ata que cumpra a idade legal de xubilación ordinaria, que resulta da aplicación dos coeficientes redutores previstos na normativa reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

**C) Prima non renovable.**

Esta medida concíbese como unha compensación aos tripulantes de buques que paralizasen a súa actividade definitivamente como consecuencia dun plan de axuste do esforzo pesqueiro.

**D) Prima pola compra do primeiro barco.**

Esta medida ten a finalidade de facilitar o acceso á propiedade, parcial ou total, dun barco aos profesionais do sector que nunca tiveron un en propiedade.

**Artigo 6º.-Requisitos xerais dos beneficiarios.**

1. Poderán ser beneficiarios os tripulantes de buques pesqueiros afectados por medidas de reestruturación da frota, que teñan porto base na Comunidade Autónoma de Galicia ou tripulantes cuxo domicilio fiscal se atope en Galicia, e que reúnan todos e cada un dos requisitos establecidos máis adiante para cada unha das medidas.

2. Os beneficiarios deberán cumprir os requisitos exixidos na normativa básica do Estado non sinalados no punto anterior.

3. O número de beneficiarios das axudas tipificadas no artigo 5º, letra B), non poderán superar o número de postos de traballo suprimidos a bordo de buques pesqueiros como resultado da paralización definitiva das actividades pesqueiras durante todo o período de programación.

4. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-*Requisitos específicos segundo o tipo de axuda.*

A) Prima por reconversión.

1. Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

2. Ter menos de 55 anos de idade ou, sendo maior, non ter a posibilidade de xubilarse.

3. Acreditar un mínimo de cinco anos de exercicio da profesión de pescador.

B) Prima pola saída do sector pesqueiro.

Xubilación anticipada:

1. Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e ter cotizado un período mínimo de quince anos no momento en que vaia cumprir a idade de xubilación.

2. Ter 55 anos ou máis e non ter a idade legal de xubilación no momento da solicitude.

3. Ter exercido durante un mínimo de dez (10) anos a profesión de pescador.

4. Estar enrolado e en alta ou nalgunha das situacións asimiladas á alta.

C) Prima non renovable vinculada á paralización definitiva.

1. Tripulantes que traballasen a bordo dun buque pesqueiro polo menos doce meses, sempre que o buque se sometese á paralización definitiva das actividades pesqueiras e que a dita paralización forme parte dun plan de axuste do esforzo pesqueiro.

2. Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e ter cotizado neste réxime durante un período mínimo de doce (12) meses.

3. Ter menos de 55 anos de idade ou, sendo maior, non ter a posibilidade de xubilarse.

4. Estar enrolado e en alta ou nalgunha das situacións asimiladas á alta, ou ben atoparse en situación de expediente de regulación de emprego, no buque obxecto do axuste estrutural desde o momento en que o armador solicite a prima por paralización definitiva ata que se lle conceda a dita axuda.

D) Prima pola adquisición do primeiro barco.

1. Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

2. Acreditar un mínimo de cinco anos de exercicio da profesión de pescador ou formación profesional equivalente.

3. Adquirir un buque das seguintes características:

3.1. Eslora total inferior a 24 metros.

3.2. Idade comprendida entre 5 e 10 anos.

4. Non ser propietario de ningunha outra embarcación de pesca.

5. Ter menos de 40 anos na data de adquisición da embarcación sempre que presente a solicitude na convocatoria inmediatamente seguinte á dita adquisición.

Para o suposto da axuda prevista no artigo 7º.D), se a adquisición dun buque se fixese antes do inicio do prazo de presentación da solicitude da axuda, o adquirente deberá de comunicar por escrito á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, con anterioridade á apertura de convocatoria de solicitudes, o feito da compravenda achegando a data de escritura de formalización da venda e a súa intención de acollerse á dita axuda.

Artigo 8º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións obxecto da subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nesta orde de convocatoria e demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material. Excepcionalmente, en casos xustificados, os prazos poderán ser prorrogados por resolución expresa por pedimento do interesado, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiro. A duración da prórroga non poderá exceder a metade dos prazos establecidos.

b) Acreditar mediante declaración responsable que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) No caso das axudas previstas no artigo 7º.A) e D), os bens subvencionados deberán ser destinados ao fin concreto para o cal se conceda a subvención durante un período mínimo de cinco anos, de acordo co previsto no artigo 56 do Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto público como privado.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

g) Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a modificación das finalidades para as cales foi concedida a axuda, o que pode levar consigo unha minoración da axuda concedida ou a súa denegación, segundo a importancia das modificacións operadas.

h) Os beneficiarios terán a obriga de dar a axeitada publicidade ao carácter público do financiamento dos investimentos realizados no caso das axudas reguladas na letra A e D do artigo 5º, con expresa mención da participación do Fondo Europeo de Pesca, de conformidade co establecido no Regulamento 498/2007, do 26 de marzo.

Artigo 9º.-*Contía das axudas.*

A) Primas por reconversión.

a.1) Parcial. Diversificación de actividades. A axuda máxima prevista nesta medida é de 21.000 euros por beneficiario individual.

a.2) Total. A axuda máxima prevista nesta medida é de 52.000 euros por beneficiario individual.

Estas dúas medidas estarán encadradas dentro de plans sociais individuais ou colectivos, nos cales figurará un proxecto en que se indicará o tipo de medida que se vai tomar e os investimentos ou desembolsos que realizará o beneficiario; o dito proxecto servirá de base para o cálculo da axuda.

B) Prima pola saída do sector pesqueiro.

Xubilación anticipada. A cantidade máxima subvencionable por ano será de 12.500 euros por beneficiario individual. Estas axudas só se poderán percibir ata que o tripulante cumpra a idade legal de xubilación ordinaria que resulta da aplicación dos coeficientes redutores previstos na normativa reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

C) Prima non renovable vinculada á paralización definitiva.

A cantidade máxima subvencionable será de 10.500 euros por beneficiario individual. Esta compensación será reembolsada proporcionalmente no

caso de que o beneficiario volva exercer a profesión de pescador nun prazo inferior a un ano tras o cobramento da compensación. Para os efectos do cálculo desta devolución, terase en conta que a axuda se devenga por meses vencidos e de forma proporcional no suposto de que dentro dunha mensuralidade comezase a traballar, detraéndoselle a parte proporcional que corresponda segundo os días de inactividade.

D) Prima pola compra do primeiro barco.

A prima pola compra do primeiro barco non será superior ao quince por cento do custo de adquisición da propiedade nin excederá os 50.000 euros.

Artigo 10º.-*Xubilación anticipada.*

1. A percepción económica que se garante a través desta medida é de 1.041 euros ao mes. Se o beneficiario percibe a prestación contributiva polo desemprego ou subsidio ou outra axuda ao desemprego, a contía desta axuda será a diferenza ata acadar a cantidade garantida.

2. A axuda de xubilación anticipada só se poderá percibir ata que o tripulante cumpra a idade legal de xubilación ordinaria, que resulta da aplicación dos coeficientes redutores previstos na normativa reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

3. O beneficiario deberá facer fronte a súa cota de cotización á Seguridade Social en execución do convenio especial que terá que subscribir coa Seguridade Social.

4. Esta medida poderá ser xestionada por unha entidade colaboradora que se someterá, en todo caso, ao establecido no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no Regulamento (CE) nº 1198/2006 para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os devanditos límites, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

Artigo 12º.-*Prazos de solicitude.*

1. As solicitudes para as axudas previstas na letra B e letra C do artigo 5º poderanse presentar ao longo de todo o exercicio orzamentario unha vez que se produza o feito causante delas.

Procederase á súa resolución unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos en cada unha das axudas, ata onde cheguen as dispoñibilidades.



des orzamentarias, incorporándose ao exercicio orzamentario seguinte aquelas solicitudes que non poidan ser tidas en conta por razóns estritamente orzamentarias.

2. Anualmente publicaranse os períodos de presentación de solicitudes para os outros tipos de axudas. Para a anualidade de 2009 o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

3. Aquelas solicitudes que non puideren ser atendidas no período correspondente exclusivamente por falta de dispoñibilidade orzamentaria, poderán ser tidas en consideración na convocatoria seguinte, sempre que sexan confirmadas polos interesados e sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

*Artigo 13º.-Forma de presentación de solicitudes e documentación necesaria.*

1. A solicitude presentarase de acordo co modelo do anexo I acompañadas do anexo V desta orde no rexistro único e de información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou no rexistro de calquera das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes incluírán un exemplar orixinal e dúas copias debidamente compulsadas da documentación que se relaciona a seguir:

- a) Solicitude en impreso normalizado. Anexo I desta orde.
- b) Declaración doutras axudas. Anexo II desta orde.
- c) Declaración relativa á medida solicitada. Anexo III desta orde.
- d) Copia cotexada do DNI.
- e) Certificado de número de conta bancaria.
- f) Informe de vida laboral expedido polo Instituto Social da Mariña.
- g) Copia compulsada da cartilla de inscrición marítima.
- h) Xustificante do Instituto Social da Mariña de non poder acceder á xubilación ordinaria no caso de ser maior de 55 anos.
- i) Segundo o tipo de medida solicitada, ademais:

A) Primas por reconversión.

Plan e proxecto detallado destinado á pluriactividade ou a reciclaxe profesional en áreas distintas da pesca marítima, en que se acreditará o cumprimento dos requisitos e a posesión das autorizacións para levalo a cabo, de ser o caso, así como a cuantificación do seu importe.

B) Compensación non renovable vinculada á paralización definitiva.

Documento acreditativo da finalización da relación laboral coa empresa titular do buque paralizado definitivamente.

C) Primas individuais a pescadores menores de 40 anos para a compra do primeiro barco:

a) Documento acreditativo da formación profesional ou equivalente a cinco anos de exercicio da profesión de pescador, de ser o caso.

b) Compromiso de adquisición da embarcación en que se cuantifique o importe da dita adquisición.

3. A solicitude e os seus anexos en formato electrónico poderanse descargar da páxina web <http://webpesca.xunta.es>.

*Artigo 14º.-Tramitación das solicitudes.*

1. A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Estructuras e Mercados da Pesca onde o Servizo de Frota a revisará e comprobará emitindo o oportuno informe sobre o cumprimento dos ditos requisitos.

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou remita os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, despois da correspondente resolución.

3. A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada no Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser rexeitada se ten entrada no rexistro indicado no requirimento fóra do prazo inicial de dez (10) días conferidos para a súa entrega.

4. Sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas que, de ser o caso, se produzan, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión

encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte. Para estes efectos, o Servizo de Frota da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca elaborará un informe á vista do cal analizará e clasificará os proxectos de acordo cos criterios fixados nas bases da convocatoria.

6. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e, se é o caso, rematado o prazo de emenda establecido no punto 2 deste artigo, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os cales solicita axuda.

7. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas que a motivan.

#### Artigo 15º.-*Comisión de avaliación.*

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de avaliación, que poderá solicitar a documentación e informes que considere necesarios, constituída na Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

2. A composición da comisión avaliadora será a seguinte:

a) Presidente: director/a xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

b) Vogais: subdirector/a xeral de Estruturas Pesqueiras, un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca designado polo presidente, e os xefes de Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Un dos vogais da comisión actuará como secretario.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o/a presidente/a.

3. No informe que formule a comisión figurarán de forma individualizada os solicitantes propostos para obter a subvención, indicándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles.

4. Establecerase unha lista de reserva con aquelas solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na orde de convocatoria, pero que non acadasen a puntuación necesaria para ser seleccionados por falta de crédito.

5. O presidente da comisión de avaliación elevará proposta de resolución desta ao órgano concedente,

quen ditará a correspondente resolución logo da preceptiva fiscalización do gasto.

6. A comisión de avaliación poderá traballar asistida dos asesores que xulgue conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

#### Artigo 16º.-*Criterios de selección.*

1. No caso de que a medida solicitada sexa para a reconversión total ou parcial, os proxectos que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables. A comisión de avaliación poderá considerar como non viables proxectos ou actuacións presentados e, consecuentemente, propoñer a non concesión da subvención. Así mesmo, á vista das solicitudes presentadas, poderá establecer límites máximos de investimentos subvencionables tanto por beneficiario como por actuación ou concepto subvencionable.

2. As solicitudes serán atendidas na orde que se relaciona a seguir:

a) Xubilación anticipada.

b) Prima non renovable vinculada á paralización definitiva.

c) Prima pola compra do primeiro barco.

d) Prima por reconversión total.

e) Prima por reconversión parcial.

3. Dentro de cada unha das medidas, a selección farase en función dos seguintes criterios:

a) Número de días de cotización ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar (priorizando os de maior idade).

b) Idade do solicitante (priorizando a maior idade).

c) Proxectos presentados por mulleres.

d) Data de presentación da solicitude.

#### Artigo 17º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución das solicitudes correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, que poderá delegar a devandita competencia no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de seis meses desde a data de publicación da orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido este sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións serán notificadas ao solicitante, que terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación ou renuncia. Transcorrido este prazo sen produ-

circunstancia expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

4. A resolución de concesión indicará, entre outros aspectos, os compromisos asumidos polos beneficiarios, os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto, a contía de subvención individualizada e a porcentaxe de financiamento do Fondo Europeo da Pesca, os prazos e modos de pagamento da subvención e o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concede a subvención.

#### Artigo 18º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo sexa o caso, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo o caso.

Todo isto sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro que considere pertinente.

#### Artigo 19º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en particular, a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, e o incumprimento dos prazos de realización das obras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

2. Calquera modificación da actuación considerada como subvencionable na resolución de concesión requirirá resolución expresa por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e deberá ser comunicada por escrito con anterioridade á súa realización. O prazo para solicitar as modificacións rematará trinta días naturais antes da data límite de xustificación das actuacións establecida na resolución de concesión.

No escrito deixarase constancia debidamente motivada das razóns que aconsellan a modificación proposta.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, o da súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no

cal se dará audiencia ao interesado. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

#### Artigo 20º.-*Xustificación e pagamento dos investimentos.*

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase de acordo coas bases da convocatoria de axudas e a resolución de concesión.

2. A solicitude de pagamento presentarase no Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, e irán acompañadas da seguinte documentación, da cal se achegará un exemplar orixinal e dúas copias:

-Declaración doutras axudas do formulario do anexo IV no momento do pagamento.

Segundo o tipo de medida, ademais:

a) Reversión:

-Acta final de inspección do investimento que se solicitará unha vez realizados os investimentos aos servizos periféricos da consellería.

-Facturas orixinais do investimento realizado.

-Certificación bancaria do pagamento das facturas.

b) Xubilación anticipada:

-Copia cotexada da formalización do convenio especial co Instituto Social da Mariña.

c) Compensación non renovable por paralización definitiva: as condicións tidas en conta para a concesión da axuda son as mesmas que para o pagamento desta axuda.

d) Adquisición do primeiro barco por pescadores menores de 40 anos.

-Certificación do Rexistro Mercantil acreditativa da propiedade do buque adquirido total ou parcialmente polo beneficiario.

-Documento público de compravenda do buque en que consten todas as circunstancias e pagamentos efectivamente realizados.

-Copia do documento xustificativo do pagamento do imposto de transmisións patrimoniais.

A axuda obxecto desta orde, no caso de que estea vinculada á paralización definitiva do buque (prima non renovable), farase efectiva unha vez que o buque teña o certificado de despezamento emitido pola capitanía marítima correspondente.

3. No suposto de falta de xustificación documental ou material, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

4. Transcorrido o prazo indicado na resolución sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa, entenderase que renuncia á subvención. Neste caso o órgano concedente ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Artigo 21º.-Verificación posterior ao pagamento da axuda.*

Os servizos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos realizarán os controis oportunos para verificar que a acción subvencionada non teña, nos cinco anos seguintes á data de resolución de pagamento da axuda, unha modificación fundamental, das establecidas no artigo 56 do Regulamento (CE) 1198/2006, e que se manteñen as condicións que se exixiron para o seu outorgamento.

*Artigo 22º.-Incumprimento e reintegro das axudas.*

1. Se o beneficiario incumprir calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como das condicións que, se for o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Será causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06), a comisión de infracción polo beneficiario do dereito comunitario e, en especial, das normas da Política Pesqueira Común, durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

*Artigo 23º.-Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 24º.-Autorizacións do beneficiario.*

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado implica o coñecemento e aceptación do contido desta orde e comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas, conforme o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orza-

mentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comporta a autorización expresa ao órgano xestor para solicitar ante o Instituto Social da Mariña os datos que sexan necesarios e relevantes para poder tramitar a solicitude.

*Artigo 25º.-Publicidade.*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención, coas excepcións previstas no dito artigo, de ser o caso.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial (<http://webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na normativa mencionada no artigo 3º, así como nas prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delégase no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a resolución destas axudas.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Quedan sen efecto as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 2 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 20 de xuño). Non obstante, aos procedementos derivados de solicitudes presentadas ao abeiro da citada orde seranlles aplicables as súas disposicións.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009.

María Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos





**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS  
 MARÍTIMOS

ANEXO I

UNIÃO  
 EUROPEA



FONDO EUROPEO DA PESCA

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DE CARÁCTER SOCIOECONÓMICO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PE113D</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

- PRIMA POR RECONVERSIÓN.
- PRIMA POLA SAÍDA DO SECTOR PESQUEIRO - XUBILACIÓN ANTICIPADA.
- PRIMA NON RENOVABLE.
- PRIMA POLA ADQUISICIÓN DO PRIMEIRO BARCO.

**AUTORIZO O ÓRGANO GESTOR**

1) Para obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia.

2) Para facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso.

De conformidade co artigo 13.4º de la Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios da su publicación na citada páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 de la Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Regulamento (CE) nº 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. - Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca e se establece a súa convocatoria para o ano 2009.
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE  Lugar e data _____, de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
--	--

## ANEXO II

## DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS (SOLICITUDE)

O/a solicitante

no momento de presentar esta solicitude de axuda, e en relación a outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas, de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e para este mesmo expediente de axudas socioeconómicas:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

Axudas concedidas.

NON  SE ME CONCEDEU NINGUNHA AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTOSI  SE ME CONCEDEU AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTO

TIPO DE AXUDA	DATA DA RESOLUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Axudas solicitadas

NON  SOLICITEI NINGUNHA OUTRA AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTOSÍ  SOLICITEI AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTO

TIPO DE AXUDA	DATA DA RESOLUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

, de de 20

Sinatura:

## ANEXO III

## DECLARACIÓN RELATIVA Á MEDIDA SOLICITADA

O/a solicitante só se pode acoller a unha das catro medidas reflectidas a seguir, para a cal debe reunir os requisitos e formular o compromiso relativo a ela.

a) Primas por reconversión.

O/a solicitante

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE,

Que se compromete a exercer efectivamente unha nova actividade, que consta adscrita no expediente; así mesmo, comprométese a non exercer a profesión de pescador nun prazo de cinco anos contados a partir do cobramento da prima. En caso contrario, notificarallo formalmente á Administración e devolverá, neste caso, a parte proporcional da prima.

Lugar e data

, de de 20

Sinatura:

b) Prima pola saída do sector pesqueiro.

O/a solicitante

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE,

Que se compromete a abandonar definitivamente a profesión de pescador.

Lugar e data

, de de 20

Sinatura:

c) Prima non renovable.

O/a solicitante

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE,

Que se compromete a non exercer a profesión de pescador no prazo dun ano a partir do cobramento da prima, notificándollo de inmediato e formalmente á Administración en caso contrario e devolvendo, nese caso, a parte proporcional da prima percibida.

Lugar e data

, de de 20

Sinatura:

d) Prima pola compra do primeiro barco.

O/a solicitante

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE,

Que se compromete a non transferir a propiedade adquirida do buque nin a proceder á retirada definitiva deste nun prazo de cinco anos contados a partir do cobramento da prima, notificándollo de inmediato e formalmente á Administración en caso contrario e devolvendo a parte proporcional da prima.

Lugar e data

, de de 20

Sinatura:

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS (PAGAMENTO)

O/a solicitante

no momento de presentar esta petición de pagamento da axuda concedida pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e en relación a outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas, de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e para este mesmo expediente de axudas socioeconómicas:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE,

Axudas concedidas.

NON  SE ME CONCEDEU NINGUNHA AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTOSI  SE ME CONCEDEU AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTO

TIPO DE AXUDA	DATA DA RESOLUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Axudas solicitadas

NON  SOLICITEI NINGUNHA OUTRA AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTOSI  SOLICITEI AXUDA PARA ESTE MESMO PROXECTO

TIPO DE AXUDA	DATA DA RESOLUCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

, de de 20

Sinatura:



## ANEXO V

## AUTORIZACIÓN DE SOLICITUDE DE DATOS AO ISM

[Redacted], con DNI [Redacted]  
e con enderezo en [Redacted]

## E X P O Ñ O:

Que solicitei ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos unha axuda de carácter socioeconómico de xubilación anticipada para pescadores pola saída do sector pesqueiro.

Que AUTORIZO EXPRESAMENTE a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para solicitar perante o Instituto Social da Mariña os datos actualizados dos informes que a seguir se relacionan, que sexan necesarios e relevantes para poder tramitar a miña solicitude.

- Informe COE, acerca da idade de xubilación ordinaria, aplicados os coeficientes redutores.
- Certificado dos datos de desemprego en que se informe de se se está percibindo ou non algunha prestación por esta causa.
- Certificado dos datos de incapacidade temporal, se é o caso.
- Cuantificación do convenio especial para o ano que corra.

, de de 20

Asdo.: [Redacted]

**ACADEMIA GALEGA  
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

*Resolución do 13 de marzo de 2009 pola que se convoca un curso sobre función policial, estranxeiría e interculturalidade.*

Dentro das actividades programadas para o ano 2009, en virtude do convenio de formación asinado entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Pontevedra, anúnciase a convocatoria dun curso

sobre función policial, estranxeiría e interculturalidade, conforme as seguintes bases:

1. Datos da actividade.

Denominación: función policial, estranxeiría e interculturalidade.

Tipo: curso.

Horas lectivas: 20.

Modalidade: presencial.